

ANEXO II A DOCUMENTACIÓN

Unha vez formalizada a matrícula a aplicación mostra en formato PDF información importante relativa á entrega de documentación, polo que, quen se matricule dáse por notificado para estes efectos. Pasado o prazo de entrega e detectada a falta da mesma, procederase a cambiar o estado da matrícula pasando, de ser o caso, de “activa” a “arquivada” e non se notificará dito cambio.

As unidades administrativas requirirán documentación adicional cando precisen comprobar a veracidade dos datos persoais ou académicos no seu poder.

Os documentos a presentar e os casos nos que a súa falta será motivo de arquivo son:

D.1. Para estudantes matriculados tras ser admitidos polo proceso xeral da CiUG

- Quen superase as probas de acceso fóra do sistema universitario galego presentará o xustificante de ter solicitado o traslado do expediente. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula
- Quen superase as probas (ou titulación equivalente) en cursos anteriores, presentará declaración xurada de non terse matriculado anteriormente noutra titulación universitaria ou polo contrario, xustificante de ter solicitado o traslado do expediente da universidade de orixe. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.
- Quen se matricule cun documento que non sexa un DNI, deberá presentar fotocopia de dito documento. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.
- Quen acceda con estudos cursados conforme a un sistema educativo estranxeiro, deberá presentar copia da solicitude de homologación ou da credencial da mesma expedida polo órgano competente. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula.

D.2. Para estudantes que soliciten recoñecemento de créditos

- Certificación académica expedida pola universidade de procedencia
- Fotocopia das guías docentes das materias superadas que se pretenden recoñecer
- Consultarase directamente no centro por se este require documentación adicional

D.3. Para estudantes matriculados tras ser admitidos por recoñecemento de créditos procedentes doutras universidades españolas

- Fotocopia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte
- Resgardo de ter aboados os dereitos de traslado do expediente da universidade de orixe. A falta deste documento será motivo de arquivo de matrícula

D.4. Para quen solicite acceso ao curso de adaptación ao grao (curso ponte) ou para quen curse na UVigo outra mención

Ademais da documentación xustificativa que permita valorar a experiencia laboral e/ou os criterios específicos de selección indicados en cada caso, quen acadara o título noutra universidade presentará:

- Título oficial ou certificación do pagamento dos prezos públicos de expedición do título que da acceso, para o seu cotexo
- Certificación académica coas cualificacións obtidas para os efectos de valoración do expediente

D.5. Requisitos formativos complementarios para a homologación de títulos estranxeiros

- Fotocopia cotexada do DNI, NIE ou pasaporte
- Resolución definitiva do MECD, para o seu cotexo